

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 24/04/2018 12:29:58

SAIDA

4526/18

Sra. Conselleira de Sanidade  
Edificio Administrativo San Lázaro  
157001 – Santiago de Compostela (A Coruña)

Expediente: I.4.Q/2404/18

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2018

Sr. Conselleiro:


Nesta institución iniciase este expediente de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, como consecuencia das reiteradas queixas recibidas sobre demoras no Servizo de Radioloxía do CHOU.

Nos últimos meses, o Valedor do Pobo ven rexistrando de forma continua numerosas reclamacións presentadas por pacientes oncolóxicos do Complexo Hospitalario de Ourense. O denominador común en todas os expedientes de queixa céntrase no retraso que se ven rexistrando na concreción de data para realizar os TAC's necesarios para realizar o control dos procesos oncolóxicos que padecen. Certo é que, unha vez iniciado o expediente, o informe da consellería recolle a solución do problema comunicando que o paciente foi xa atendido. Sen embargo, dado o número de denuncias recibidas e a prolongación desta problemática no tempo, non parece que sexa un problema puntual, senón que percibimos unha situación que precisa dunha análise dos factores que poden estar determinando un retraso continuo nun servizo fundamental desa área sanitaria.

Por todo o anterior, consideramos necesario iniciar unha investigación para determinar a orixe destas demoras reincidentes, así como da previsión de recursos e reforzos destinados a afrontar esta problemática.

Por todo o anterior, solicitamos desa Consellería que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no art. 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información, no ámbito das súas competencias, sobre a problemática formulada.

Agradézolle por anticipado a remisión do preceptivo informe e saúdaa atentamente.

  
\_\_\_\_\_  
Milagros M.ª Otero Parga  
Valedora do Pobo